

# PROXECTOS COMERCIAIS COLABORATIVOS PARA O ESTÍMULO DO PEQUENO COMERCIO



## FAINOS CHEGAR A TÚA IDEA DE PROXECTO COMERCIAL COLABORATIVO

O Departamento de Comercio do Concello de Santiago promove **CON B DE BARRIO**, un proxecto de apoio e estímulo ao pequeno comercio da cidade, con especial atención ao comercio de barrio.

Esta convocatoria xorde co fin de fomentar proxectos de desenvolvemento e dinamización comercial nos que prime a cooperación entre establecementos comerciais da mesma ou de diferente actividade e así favorecer o asociacionismo, crear sinerxías e redes colaborativas de negocio, buscando beneficios compartidos derivados da confluencia de intereses.

Para acadar uns resultados acordes á visión anterior, propoñemos escoitar, recoller, e dirixir a implantación de proxectos comerciais que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico da nosa cidade no seu conxunto e dos nosos barrios e áreas comerciais en particular; á vez que se traballa no empoderamento das persoas que se dedican ao comercio.

A partir das necesidades, ideas ou propostas concretas expostas polos comercios participantes, desenvolveranse un total de dez (10) proxectos comerciais.

Calquera comercio poderá presentar unha candidatura de proxecto comercial, coa indicación dun mínimo de dous (2) establecementos comerciais e/ou de servizos, a maiores do comercio promotor, que vaian a participar nese proxecto colaborativo.

Tamén poderán participar as asociacións locais de comerciantes cuxo ámbito xeográfico de actuación sexa todo ou parte de Santiago de Compostela.

Durante o seu desenvolvemento, os proxectos comerciais poderán adquirir unha maior dimensión respecto á inicialmente exposta polo comercio ou asociación promotora.

## I. Obxecto da convocatoria

1. É obxecto desta convocatoria a prestación dun servizo de consultoría aberta dirixido ao estímulo do pequeno comercio de Santiago de Compostela, coa asistencia dun/unha asesor/a e a partir das propostas expostas polos comercios e/ou asociacións participantes. Desenvolveranse un total de dez proxectos comerciais. O labor de consultoría implicará escoitar as necesidades dos establecementos participantes, diagnosticar a súa situación, deseñar estratexias comerciais e de mercadotecnia efectivas e crear estratexias de colaboración entre establecementos e/ou asociacións con intereses compatibles.

2. Trátase, así mesmo, dun servizo de mediación ou intermediación entre comerciantes para fomentar o deseño de estratexias de dinamización comercial e de mercadotecnia conxuntas, apostando pola colaboración entre empresas con intereses compatibles e por fomentar o asociacionismo comercial.

3. A duración do servizo de consultoría estenderase dende a aprobación dos proxectos comerciais seleccionados ata o 14 de decembro de 2018.

4. O asesoramento será presencial, telefónico e en liña. O horarios de reunións fixarase conxuntamente cos establecementos ou asociacións participantes.

## II. Requisitos dos establecementos e/ou asociacións participantes

1. Poderán participar en Con B de Barrio as asociacións locais de comerciantes cuxo ámbito xeográfico de actuación sexa todo ou parte de Santiago de Compostela e todos os establecementos comerciais con sede de actividade no municipio de Santiago.

2. A candidatura de "proxecto comercial" presentada por comercios deberá vir integrada por un mínimo de tres establecementos. Entre os participantes poderán ter cabida ademais empresas de servizos, se ben os promotores principais sempre serán comerciantes.

## III. Presentación de candidaturas. Prazo e requisitos

1. O prazo para presentar as correspondentes candidaturas rematará ás catorce horas (14.00) do día 23 de abril. Este prazo poderá prorrogarse, por decisión do Concello, en caso de que o número de candidaturas admitidas sexa inferior a dez (10).

2. A inscrición realizarase mediante o envío en liña do formulario dispoñible na web do departamento de comercio, <http://www.comercio.santiagodecompostela.gal>.

O proxecto comercial deberá remitirse, dentro de prazo, en formato "pdf" ao seguinte enderezo de correo electrónico, [comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal).

O proxecto deberá describir detalladamente en que consiste e indicar o número e datos dos establecementos participantes (razón social, nome comercial, CIF/NIF e enderezo).

As candidaturas non serán admitidas se incumpren as condicións requiridas.

## IV. Selección dos proxectos comerciais

Entre as candidaturas presentadas seleccionaranse os dez proxectos comerciais nos que se traballará dentro do programa de apoio ao pequeno comercio Con B de Barrio, en atención aos seguintes criterios:

- Grao de madurez da idea / proxecto.
- Viabilidade técnica da idea / proxecto.
- Número de establecementos participantes.
- Características innovadoras da idea / proxecto.
- Incidencia en ámbitos xeográficos onde non exista previamente unha asociación formal de comerciantes establecida.

3. Elaborarase unha listaxe cos dez (10) proxectos comerciais seleccionados mais unha listaxe de agarda para o caso de baixa dalgún dos inicialmente seleccionados.

4. A selección comunicarase ao establecemento ou asociación promotora por correo electrónico unha vez rematado o prazo de inscrición.


## V. Obrigas das persoas promotoras das candidaturas seleccionadas

1. A participación nesta convocatoria supón a aceptación íntegra das súas bases.

2. Ao presentar as súas candidaturas, as persoas participantes garanten que teñen plena capacidade xurídica e de obrar para tomar parte na convocatoria e que a súa participación non infrinxe ningunha norma de calquera índole.

3. Se, seleccionada unha candidatura, se constata que se incorreu en irregularidades ou falsidades na información indicada na solicitude, o proxecto será rexeitado e procederase a chamar ao primeiro de reserva.

4. Os establecementos ou asociacións promotores comprométese a cumprir coas tarefas solicitadas polo equipo de consultoría, pactadas de mutuo acordo nun plan de traballo. No caso de que, sen causa xustificada, se incumpra o acordado expresamente, o Concello resérvase o dereito de cesar na prestación do servizo de consultoría.



CON B DE BARRIO



comercio.santiagodecompostela.gal